# OS AVÓS E AS AVOAS

**Meu avó Alfredo ten 83 anos. É moi bo e quérolle moito. Fai que me pega de broma, pero é un xogo noso.**
**David Vilela.**







**A gata Minina era unha gatiña branquiña, moi fermosa que tiña a miña avoa. Cando era pequeniña tróuxena eu para a miña casa. É a miña preferida.Cóidoa e quérolle moito.**
**Pariu e trouxo tres gatiños moi bonitiños, moi mansiños e tamén lles quero e lles dou de comer, aínda que tamén maman da gata. David Vilela.**

**Meu avó cando me leva á feira mércame agasallos. Levou dous cabalos , o Espirit e Tolo.**
**David Souto.**



**Meu avó é o meu favorito. Quérolle moito. Cada día, cando me levanto para ir ó colexio, sempre lle vou dar un bico á cama.**
**Nerea.**



**O meu avó ía dar un paseo e eu díxenlle que quería ir con el e deixoume ir. Polo camiño encontramos un esquío e levámolo para a casa.**
**Miriam**






**Os meus avós son moi bos . Un día pola mañá o meu avó e a miña avoa tiveron que espertar moi cedo porque ían de vacacións a Cuba.**
**Laura**

***2º de EP***

# OS AVÓS E AS AVOAS

Meu avó
O meu avo
tiña un pato
amarelo que
era moi bo e
moi
obediente
E foron moi
amigos.
Diego




O meu avó e eu
O meu avó é moi bo
Tódolos días me conta
cousas. Báixame á
estrada e, cando subo
ó autobús, o avó dáme
un bico.
Paula





O meu avó e eu.
O meu avó e moi bo e dáme
caramelos.
Cando o meu avó vai coas
vacas, o meu can vai canda el.
Marta

A miña avoa leme un
conto. Teño unha
avoa moi boa que
me canta cancións
de bebés e tamén me
conta contos de
vacas e de cabalos.
Ela quéreme moito e
eu quérolle a ela e
doulle moitos bicos .
Javier



O meu avó é moi
bo aínda que ás
veces se enfade
porque me
porto mal .
Pero ten bo
corazón e,
cando estaba
miña avoa, ía
visitala.
Marcos



Meu avo
é bo.
Lévame
con el
cando vai
polas
vacas.
Manuel



**2º de EP**

Titora 2º EP:--------- ---------- ---------------